



En contestación á petición de data 20 de setembro de 2019 con número de rexistro 31448, indicarlle que a páxina de Transparencia da Deputación de Ourense, está aloxada no seguinte enderezo : <http://www.depourense.es/index.php/es/indicadores-de-transparencia-es> e é a única páxina de transparencia a que se pode acceder dende a páxina web corporativa <http://www.depourense.es/index.php/es> non existindo dende a páxina web da Deputación ningunha referencia a páxina que se menciona. Dita páxina e os seus contidos non son xestionados por persoal da Deputación. Así mesmo indícolle que no día da data trasladanse instrucións ao servizo de administración electrónica co fin de redireccionar o subdominio [transparencia.depourense.es](http://www.depourense.es) a <http://www.depourense.es/index.php/es/indicadores-de-transparencia-es>

Lémbrolle que, de acordo cos termos previstos no artigo 16.3 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (ROF), e no artigo 227 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia, todos os membros da Corporación Provincial deben gardar reserva en relación coas informacións que se lles faciliten para facer posible o desenvolvemento das súas funcións, singularmente, das que servirán de antecedentes para decisións que aínda se encontren pendentes de adopción, así como para evitar a reprodución da documentación que se lles poida facilitar, en orixinal ou copia, para o seu estudo.

Ourense, 25 de setembro de 2019



O PRESIDENTE

José Manuel Baltar Blanco.

RAFAEL RODRÍGUEZ VILLARINO, deputado provincial do Grupo PSdeG-PSOE.
Grupo de PSdeG-PSOE.- Deputación Provincial de Ourense.